



CRITERIOS PARA A DISTRIBUCIÓN DAS QUENDAS DO 1º CURSO DO CICLO DE ANIMACIÓNS 3D, XOGOS E CONTORNOS INTERACTIVOS EN RÉXIME ORDINARIO

Durante o curso 2022/2023 estableceranse dous grupos de 1º curso de Animacións 3D, Xogos e Contornos Interactivos no réxime ordinario co seguinte horario:

- **Quenda de mañá: Horario de 08:30 a 15:00 horas**
- **Quenda de tarde: Horario de 16:00 a 22:30 horas**

O criterio para a **distribución** do alumnado na **quenda de tarde ou de mañá** será o de aplicar a letra administrativa "T" resultante do sorteo feito pola Consellería de Facenda e Administración Pública deste ano 2022 e comezar a partir desa letra a matriculación de alumnado ata completar as 22 prazas na quenda de mañá.

O resto do alumnado matriculado quedará asignado á quenda da tarde.

Contémplase un **cambio de quenda** cando o alumno/a o solicite perante o director a través dun escrito *antes do comezo do curso*, e sempre e cando concorran algunha das seguintes circunstancias, as cales deberán acreditarse documentalmente e o Director do centro deberá aceptar, consideradas as evidencias:

- Discapacidade legalmente recoñecida e que esta circunstancia aconselle unha determinada quenda.
- Menores de idade que acrediten por conflitos de residencia ou desprazamento.
- Persoas acreditadas como deportistas de alto rendemento, que acrediten incompatibilidade cos horarios de adestramento.
- Incompatibilidade co horario laboral coa quenda asignada.

MOI IMPORTANTE: As solicitudes de cambio de quenda que remitan a estas excepcións deberán ir acompañadas dos correspondentes xustificantes; o cambio de quenda, de aceptarse a solicitude, afectará no outro grupo ao último alumno/a coa praza asignada que será cambiado á outra quenda.

En A Coruña, a 8 de xuño de 2022

Asdo: Ignacio Romero Sánchez

Director

José Francisco Barba Escriba

Xefe de estudos CIFP Imaxe e Son

